

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

8190 *Real decreto 576/2013, do 26 de xullo, polo que se establecen os requisitos básicos do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria a persoas que non teñan a condición de aseguradas nin de beneficiarias do Sistema nacional de saúde, e se modifica o Real decreto 1192/2012, do 3 de agosto, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario para efectos da asistencia sanitaria en España, con cargo a fondos públicos, a través do Sistema nacional de saúde.*

O acceso dos cidadáns á asistencia sanitaria pública encóntrase regulado na Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, nos termos introducidos polo Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, dando plena virtualidade ao principio de aseguramento universal e público recollido no seu artigo 2.b).

O artigo 3 da Lei 16/2003, do 28 de maio, garante a asistencia sanitaria pública a todas aquelas persoas que teñan a condición de aseguradas ou de beneficiarias nos termos que foron desenvolvidos polo Real decreto 1192/2012, do 3 de agosto, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario para efectos da asistencia sanitaria en España, con cargo a fondos públicos, a través do Sistema nacional de saúde.

Polo que se refire ás persoas que non teñen a condición de aseguradas nin de beneficiarias, á marxe da asistencia sanitaria en situacións especiais prevista no artigo 3 ter da Lei 16/2003, do 28 de maio, o propio artigo 3 desta lei prevé para as ditas persoas unha vía específica de acceso a unha das prestacións que conforman o catálogo de prestacións do Sistema nacional de saúde, a prestación de asistencia sanitaria que, consonte as novas modalidades da carteira de servizos introducidas tras a reforma operada polo Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, queda detallada na denominada carteira común básica de servizos asistenciais que se regula no artigo 8 bis da citada lei.

Esta vía de acceso, prevista no artigo 3.5 da Lei 16/2003, do 28 de maio, é a relativa á subscripción dun convenio especial de prestación de asistencia sanitaria que permitirá obter, segundo dispón o dito artigo, a referida prestación mediante o pagamento dunha contraprestación ou prezo público que cobre o seu custo medio real e que se configura como un ingreso de dereito público do servizo de saúde correspondente. Este contido prestacional a que pode acceder a persoa que subscriba o convenio especial ten carácter básico e, en consecuencia, poderá ser incrementado polas comunidades autónomas mediante a inclusión no dito convenio doutras prestacións asistenciais propias da carteira de servizos complementaria das comunidades autónomas.

Deste modo, a subscripción do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria garantiralles ás persoas que non teñen a condición de aseguradas nin de beneficiarias, e esta é precisamente a súa finalidade, o acceso ás prestacións da carteira común básica de servizos asistenciais nas mesmas condicións de extensión, continuidade asistencial e cobertura en todo o Sistema nacional de saúde de que gozan as persoas que si son aseguradas ou beneficiarias.

E, como vía de acceso á prestación de asistencia sanitaria do Sistema nacional de saúde distinta da que corresponde ás persoas aseguradas e beneficiarias, a formalización do convenio especial non comportará, en atención ao disposto no artigo 57 da Lei 16/2003, do 28 de maio, e no artigo 4 do Real decreto 1192/2012, do 3 de agosto, a expedición de tarxeta sanitaria para a persoa que o subscriba, precisamente por non ter a condición de persoa asegurada ou beneficiaria do Sistema nacional de saúde.

En atención ao disposto no artigo 3.5 da Lei 16/2003, do 28 de maio, a disposición adicional terceira do Real decreto 1192/2012, do 3 de agosto, estableceu que aquelas persoas que non teñan a condición de aseguradas nin de beneficiarias do Sistema nacional de saúde poderán obter, sempre que non teñan acceso a un sistema de protección sanitaria pública por calquera outro título, a prestación de asistencia sanitaria mediante a subscripción do citado convenio especial, cuxos requisitos básicos quedaban diferidos á súa regulación por orde da persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Porén, tendo en conta que o título competencial que ampara a presente norma, tal e como se establece na súa disposición derradeira primeira, é o recoñecido ao Estado no artigo 149.1.16.^a da Constitución española, bases e coordinación xeral da sanidade, e polo que, en aplicación da doutrina contida, entre outras, na Sentenza do Tribunal Constitucional 213/1994, do 14 de xullo, os requisitos básicos do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria deben ser regulados nunha norma con rango de real decreto que, ao mesmo tempo, modifique a disposición adicional terceira do Real decreto 1192/2012, do 3 de agosto.

Este real decreto estrutúrase en sete artigos, dúas disposicións adicionais e cinco disposicións derradeiras.

O artigo primeiro delimita o obxecto deste real decreto, mentres que o artigo segundo fai referencia tanto ao ámbito subxectivo como ao ámbito obxectivo de aplicación do convenio especial.

O convenio especial, que terá un carácter estritamente individual, permitirá á persoa que o subscriba acceder, como contido mínimo ampliable polas comunidades autónomas, ás prestacións da carteira común básica de servizos asistenciais do Sistema nacional de saúde en condicións equiparables ás que gozan as persoas que teñen a condición de aseguradas e de beneficiarias, e isto no ámbito de actuación propio da administración pública con que o dito convenio se formalice, sen prexuízo do previsto na disposición adicional primeira para os casos de desprazamento do interesado ao territorio de administración pública distinta daquela con que se subscribise o convenio.

O artigo terceiro determina os requisitos que deben reunir as persoas que estean interesadas en subscribir o convenio especial de prestación de asistencia sanitaria.

O artigo cuarto regula os aspectos básicos do procedemento que se debe tramitar para a subscripción do convenio especial, malia a remisión obrigada que a disposición derradeira segunda fai á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e á Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

O artigo quinto establece o contido mínimo do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria regulado nesta norma.

O artigo sexto regula a contraprestación económica que lles corresponde satisfacer ás persoas que subscriban o convenio especial e que se determina en función de dous tramos de idade.

Finalmente, o artigo sétimo refírese á extinción do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria determinando os supostos e os efectos da dita extinción.

Esta regulación complétase con dúas disposicións adicionais que se refiren, respectivamente, aos supostos de desprazamento do subscritor do convenio especial a algún municipio comprendido nunha administración pública distinta daquela con que se subscribiu o convenio e ao convenio especial de prestación de asistencia sanitaria que teña que ser subscrito co Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.

Pola súa parte, a disposición derradeira primeira, relativa ao título competencial, sinala que esta norma, a excepción da súa disposición adicional segunda, se dita ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Por último, na disposición derradeira cuarta modifícase o Real decreto 1192/2012, do 3 de agosto, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario para efectos

da asistencia sanitaria en España, con cargo a fondos públicos, a través do Sistema nacional de saúde.

Por todo isto, de conformidade coa habilitación contida na disposición derradeira segunda do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, mediante este real decreto procédese ao desenvolvemento regulamentario da figura do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria prevista no artigo 3.5 da Lei 16/2003, do 28 de maio, co cal se pretende, conforme a doutrina do Tribunal Constitucional, dar cumprimento ao mandato estatal de fixar un mínimo igualitario respecto ao gozo das prestacións sanitarias, de vixencia e aplicación en todo o territorio nacional.

No proceso de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla. Así mesmo, conta co informe preceptivo da Axencia Española de Protección de Datos e do Foro para a integración social dos inmigrantes, e co informe do Comité Consultivo do Consello Interterritorial do Sistema nacional de saúde e do Consello Interterritorial do Sistema nacional de saúde.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de xullo de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer os requisitos básicos do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria previsto no artigo 3.5 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O convenio especial de prestación de asistencia sanitaria será suscrito polas persoas que, residindo en España, cumpran os requisitos previstos no artigo 3 co Instituto Nacional de Xestión Sanitaria ou coa administración pública autonómica que corresponda, en función do municipio en que aquelas se encontren empadroadas.

2. O convenio especial permitiralles ás persoas que o subscriban acceder, mediante o pagamento da contraprestación económica regulada no artigo 6, ás prestacións da carteira común básica de servizos asistenciais do Sistema nacional de saúde regulada no artigo 8 bis da Lei 16/2003, do 28 de maio, coas mesmas garantías de extensión, continuidade asistencial e cobertura de que gozan as persoas que teñen a condición de aseguradas ou de beneficiarias do Sistema nacional de saúde, no ámbito correspondente á administración pública con que se formaliza e sen prexuízo do disposto na disposición adicional primeira deste real decreto.

As comunidades autónomas poderán, no ámbito das súas competencias, incorporar no convenio especial outras prestacións asistenciais propias da carteira de servizos complementaria da comunidade autónoma regulada no artigo 8 quinquies da Lei 16/2003, do 28 de maio, distintas ás incluídas na carteira común de servizos do Sistema nacional de saúde.

Artigo 3. *Requisitos para a subscripción e o mantemento do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 7.3 deste real decreto, poderán subscribir o convenio especial de prestación de asistencia sanitaria aquelas persoas que residan en España e que, non tendo a condición de aseguradas nin de beneficiarias do Sistema nacional de saúde conforme o disposto nos artigos 2 e 3 do Real decreto 1192/2012, do 3 de agosto, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario para efectos da

asistencia sanitaria en España, con cargo a fondos públicos, a través do Sistema nacional de saúde, reúnan os seguintes requisitos:

- a) Acreditar a residencia efectiva en España durante un período continuado mínimo dun ano inmediatamente anterior á data da solicitude do convenio especial.
- b) Estar empadroadas, no momento de presentar a solicitude de subscrición do convenio especial, nalgún municipio pertencente ao ámbito territorial a que estenda as súas competencias a administración pública competente para a súa subscrición.
- c) Non ter acceso a un sistema de protección sanitaria pública por calquera outro título, xa sexa por aplicación da normativa nacional, dos regulamentos comunitarios en materia de Seguridade Social ou dos convenios bilaterais que na dita materia fosen subscritos por España con outros países.

Artigo 4. Procedemento para a subscrición do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria.

1. O procedemento para a subscrición do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria iniciarase sempre por solicitude do interesado.

Esta solicitude, que se poderá presentar en calquera dos lugares indicados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, irá dirixida á administración pública competente que corresponda en función do municipio en que o solicitante se encontre empadroado e estará acompañada daqueles documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos do artigo 3 deste real decreto.

2. A administración pública competente, á vista da solicitude presentada e do cumprimento dos requisitos exixidos, deberá ditar resolución motivada sobre a procedencia de subscribir o convenio especial e notificala nun prazo máximo de 30 días contados desde o seguinte a aquel en que se reciba a solicitude.

Transcorrido o prazo fixado sen que se ditase e notificase a correspondente resolución, a solicitude de subscrición do convenio especial entenderase estimada.

Esta resolución será impugnabile na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. A persoa interesada disporá dun prazo máximo de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación da resolución que estime a súa solicitude ou ao da súa estimación por silencio, para formalizar o convenio especial coa administración pública á cal dirixise a súa solicitude.

Transcorrido o dito prazo sen que se procedese á formalización do convenio especial por causa imputable á persoa interesada, entenderase caducado o procedemento.

4. O convenio especial comezará a producir efectos o mesmo día da súa formalización.

Artigo 5. Contido mínimo do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria.

O convenio especial de prestación de asistencia sanitaria deberá ter, ao menos, o seguinte contido:

- a) Datos de identidade da persoa que subscribe o convenio especial.
- b) Data da súa formalización.
- c) Contraprestación económica que aboará a persoa que subscriba o convenio especial, así como a súa forma de pagamento.
- d) Condicións particulares e forma de utilización das prestacións sanitarias por parte da persoa que subscriba o convenio especial, de acordo coa normativa vixente e as prácticas de bo uso establecidas polos servizos de saúde correspondentes.
- e) As causas de extinción do convenio especial previstas no artigo 7.

Artigo 6. Contraprestación económica que se aboará pola subscrición do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria.

1. A subscrición do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria determinará a obrigação de aboar á administración pública con que se subscriba a seguinte contraprestación económica:

- a) Se o subscritor ten menos de 65 anos: cota mensual de 60 euros.
- b) Se o subscritor ten 65 ou máis anos: cota mensual de 157 euros.

Esta cota mensual poderá ser incrementada polas comunidades autónomas cando incorporen no convenio especial outras prestacións asistenciais da carteira de servizos complementaria da comunidade autónoma conforme o establecido no artigo 2.2.

O pagamento desta contraprestación económica mensual realizarase na forma que determinen as administracións públicas competentes.

2. As contías da contraprestación económica establecidas no número anterior revisaranse en función da evolución do custo das prestacións da carteira común básica de servizos asistenciais do Sistema nacional de saúde. A dita revisión realizarase, logo do acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, mediante orde da persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

3. As persoas que subscribisen o convenio especial de prestación de asistencia sanitaria terán dereito á devolución total ou parcial, segundo proceda, do importe daquelas cotas que, por erro, aboasen, con suxeición á normativa que en cada caso resulte de aplicación.

Artigo 7. Extinción do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria.

1. O convenio especial de prestación de asistencia sanitaria extinguirase cando conorra algunha das seguintes causas:

- a) Por falecemento da persoa que subscribise o convenio especial.
- b) Cando a persoa que subscribise o convenio especial deixe de cumprir algún dos requisitos a que se refire o artigo 3, adquira a condición de persoa asegurada ou beneficiaria do Sistema nacional de saúde ou deixe de estar empadroada nalgún municipio da comunidade autónoma con cuxa administración pública subscribise o convenio especial.
- c) Por decisión da persoa que subscribise o convenio especial comunicada de modo fidedigno á administración pública con que o formalizase.
- d) Por falta de aboamento da primeira cota ou das cotas correspondentes a dúas mensualidades consecutivas ou a tres alternativas.
- e) Por incumprimento dalgunha das condicións particulares a que se refire a letra d) do artigo 5.

2. O momento en que a extinción do convenio especial producirá efectos será, segundo os casos, o seguinte:

- a) En caso de falecemento da persoa que subscribise o convenio especial, a súa extinción producirase o día seguinte ao do falecemento.
- b) Se a extinción se produce pola causa establecida na letra b) do número anterior, a extinción do convenio especial producirase con efectos do día seguinte a aquel en que a persoa que o subscribise deixase de cumprir algún dos requisitos do artigo 3, adquirise a condición de persoa asegurada ou beneficiaria do Sistema nacional de saúde ou deixase de estar empadroada nalgún municipio da comunidade autónoma con cuxa administración pública subscribise o convenio especial.

Non obstante, no caso de que a extinción do convenio especial veña motivada polo cambio de empadroamento a un municipio correspondente a administración pública distinta daquela con que se subscribise, o dito convenio poderá conservar a súa vixencia,

por petición do interesado, ata o momento en que este subscriba un novo convenio, cun límite temporal máximo de tres meses, sendo de aplicación o disposto na disposición adicional primeira.

c) En caso de extinción por decisión voluntaria da persoa que subscribise o convenio especial, a súa extinción terá lugar o día seguinte a aquel en que se comunique á administración pública con que se formalizase.

d) En caso de impagamento de cotas, a extinción do convenio especial terá efectos desde o primeiro día do mes seguinte a aquel en que se producise o impagamento da segunda mensuralidade consecutiva ou da terceira mensuralidade alternativa.

No caso de que o impagamento sexa da primeira cota, o convenio especial non terá despregado ningún efecto.

e) En caso de extinción por incumprimento dalgunha das condicións particulares establecidas no convenio especial, a extinción producirase na data que se estableza na resolución administrativa que declare a súa extinción.

3. No caso de que o convenio especial de prestación de asistencia sanitaria se extinga por algunha das causas previstas nas letras c), d) ou e) do número primeiro, a persoa que o subscribise non poderá solicitar a formalización dun novo convenio ata que transcorra o prazo dun ano contado desde o día seguinte ao da súa extinción.

Disposición adicional primeira. *Subscritores do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria que se despracen temporalmente.*

Toda persoa que se desprace temporalmente a territorio comprendido en administración pública distinta daquela con que subscribise o convenio especial de prestación de asistencia sanitaria terá dereito a recibir nese territorio as prestacións da carteira común básica de servizos asistenciais do Sistema nacional de saúde.

Neste caso, resultarán de aplicación os mesmos procedementos de compensación recollidos para o Fondo de Garantía Asistencial no artigo 3 do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, utilizándose como base de compensación para os desprazamentos temporais de longa duración a outras comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla as contías sinaladas no artigo 6 deste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Convenio especial de prestación de asistencia sanitaria no ámbito do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.*

Mediante orde da persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade regularase o contido e o procedemento de subscrición do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria que deba ser subscrito polo Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, salvo a disposición adicional segunda.

Disposición derradeira segunda. *Normativa aplicable ao procedemento de subscrición do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria.*

O procedemento de subscrición do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria suxeitarase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, naquilo en que resulten de aplicación.

Disposición derradeira terceira. *Non incremento de gasto público.*

As previsións contidas nesta norma non supoñen incremento de gastos de persoal por ningún concepto.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 1192/2012, do 3 de agosto, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario para efectos da asistencia sanitaria en España, con cargo a fondos públicos, a través do Sistema nacional de saúde.*

O Real decreto 1192/2012, do 3 de agosto, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario para efectos da asistencia sanitaria en España, con cargo a fondos públicos, a través do Sistema nacional de saúde, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Suprímese o número segundo da disposición adicional terceira cuxo número primeiro pasa a ser o único parágrafo da dita disposición.

Dous. Modifícase a disposición adicional cuarta, que quedará redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional cuarta. *Prestación de asistencia sanitaria para solicitantes de protección internacional.*

As persoas solicitantes de protección internacional cuxa permanencia en España fose autorizada por este motivo recibirán, mentres permanezan nesta situación, asistencia sanitaria coa extensión prevista na carteira común básica de servizos asistenciais do Sistema nacional de saúde regulada no artigo 8 bis da Lei 16/2003, do 28 de maio.

Así mesmo, proporcionarase a atención necesaria, médica ou doutro tipo, aos solicitantes de protección internacional con necesidades especiais.»

Tres. Modifícase a disposición adicional quinta que quedará redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional quinta. *Prestación de asistencia sanitaria para vítimas de tráfico de seres humanos en período de restablecemento e reflexión.*

As vítimas de tráfico de seres humanos cuxa estancia temporal en España fose autorizada durante o período de restablecemento e reflexión recibirán, mentres permanezan nesta situación, asistencia sanitaria coa extensión prevista na carteira común básica de servizos asistenciais do Sistema nacional de saúde regulada no artigo 8 bis da Lei 16/2003, do 28 de maio.

Así mesmo, proporcionarase a atención necesaria, médica ou doutro tipo, ás vítimas de tráfico de seres humanos con necesidades especiais.»

Catro. Engádesse unha disposición adicional oitava coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Asistencia sanitaria pública en supostos especiais.*

1. Os estranxeiros menores de dezoito anos non rexistrados nin autorizados como residentes en España aos cales se refire o artigo 3 ter da Lei 16/2003, do 28 de maio, terán dereito á asistencia sanitaria pública polo Sistema nacional de saúde coa mesma extensión recoñecida ás persoas que teñen a condición de aseguradas, e o tipo de achega do usuario para as prestacións da carteira de servizos do Sistema nacional de saúde que a exixan será o correspondente aos asegurados en activo.

2. As mulleres estranxeiras embarazadas non rexistradas nin autorizadas como residentes en España ás cales se refire o artigo 3 ter da Lei 16/2003, do 28 de maio, terán dereito a que o Sistema nacional de saúde lles proporcione a

asistencia ao embarazo, parto e posparto coa mesma extensión recoñecida ás persoas que teñen a condición de aseguradas, o tipo de achega da usuaria para as prestacións da carteira de servizos do Sistema nacional de saúde que a exixan será o correspondente aos asegurados en activo.»

Cinco. Engádesse unha disposición adicional novena coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. *Identificación persoal e xestión de datos clínicos das persoas que non teñan a condición de aseguradas nin de beneficiarias do Sistema nacional de saúde.*

Para os únicos efectos da necesaria identificación persoal e xestión dos seus datos clínicos, ás persoas que non teñan a condición de aseguradas nin de beneficiarias do Sistema nacional de saúde conforme o disposto nos artigos 2 e 3, pero que reciban asistencia sanitaria polo Sistema nacional de saúde, asignaráselles un código de identificación persoal (CIP-SNS) que será único e común para todos os servizos de saúde do Sistema nacional de saúde e que quedará permanentemente asociado á súa información clínica.»

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de setembro de 2013.

Dado en Madrid, o 26 de xullo de 2013.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,
ANA MATO ADROVER